

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 28 de xuño de 2016 para facer pública a resolución pola que se aproba o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado do semienlace de acceso ao polígono industrial de Areas-Tui, desde a VAC Tui-A Guarda, treito I, de clave PO/03/009.01.1.1.

Con data do 27 de xuño de 2016, a dirección da Axencia Galega de Infraestruturas, por delegación da conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Orde do 4 de febreiro de 2013, *Diario Oficial de Galicia* do 20 de febreiro), visto o informe da análise das alegacións, resolveu o seguinte:

Antecedentes de feito.

Primeiro. Con data do 18 de marzo de 2016 aprobouse provisionalmente, por resolución da Axencia Galega de Infraestruturas, o proxecto de trazado do semienlace de acceso ao polígono industrial de Areas-Tui, desde a VAC Tui-A Guarda, treito I, de clave PO/03/009.01.1.1.

Segundo. Con data do 6 de maio de 2016 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* (nº 86) o Anuncio do 28 de abril de 2016 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de trazado do semienlace de acceso ao polígono industrial de Areas-Tui, desde a VAC Tui-A Guarda, treito I, de clave PO/03/009.01.1.1, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referenciado.

Terceiro. Durante todo o trámite de información pública presentáronse certificados, e procedeuse á súa valoración.

Fundamentos de dereito.

Primeiro. De acordo co establecido no artigo 21 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o mencionado proxecto de trazado sométese ao trámite de información pública, durante un período de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Segundo. Que simultaneamente ao trámite sinalado no parágrafo anterior, e para os efectos previstos no artigo 56.1 do Regulamento de expropiación forzosa, sométese a

CVE-DOG: 4rxvb1c1-ka47-urb1-oe88-deyyzqhp8ts4



información pública a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente.

Por todo o exposto, e tras non ter recibido ningunha alegación durante o período de información pública,

RESOLVO:

Primeiro. Aprobar, de acordo co establecido no artigo 22.2 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o expediente de información pública e definitivamente o proxecto de trazado do semienlace de acceso ao polígono industrial de Areas-Tui, desde a VAC Tui-A Guarda, treito I, de clave PO/03/009.01.1.1, mantendo o trazado proposto como definitivo.

Segundo. Consonte establece o artigo 23 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o Concello de Tui deberá adaptar o seu planeamento urbanístico ao contido no proxecto, no que se establecerán as determinacións do planeamento urbanístico que deben ser modificadas como consecuencia da súa aprobación, no prazo que determine este último e, en todo caso, na súa primeira modificación ou revisión.

Terceiro. Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido nos artigos 10, 14 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, ou ben recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Infraestruturas e Vivenda no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da presente resolución no DOG, de acordo co disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2016

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: 4rxvb1c1-ka47-urb1-oe88-deyyzqhp8ts4

